

Fundamentos de Microsoft Azure: unha visión clara da nube

Descrición

Queres entender que é realmente a nube e como Microsoft Azure pode axudarche a modernizar os teus sistemas ou servizos? Esta sesión oficial ofrécete unha introdución clara, accesible e sen tecnicismos innecesarios aos principios fundamentais de Azure. Coñecerás os seus servizos clave, os distintos modelos de implementación, as opcións de facturación, e como se abordan aspectos como a seguridade, o cumprimento e a identidade. Unha formación imprescindible para quen está valorando adoptar a nube, participan en proxectos de transformación dixital ou simplemente queren falar con propiedade sobre o ecosistema Azure.

O relator será Danilo Stewart Ortiz. Danilo é **consultor especializado en tecnoloxías cloud e formador oficial en Microsoft Azure, AWS e Google Cloud**, con máis de **20 anos de experiencia** no deseño, administración e modernización de infraestruturas tanto on-premise como na nube. Desenvolveu roles clave como **Cloud Solution Architect en Microsoft**, Senior IT Process Consultant en Devoteam e EY, así como Microsoft Technical Leader para equipos de soporte EMEA. Ademais, conta cunha ampla traxectoria como **formador certificado**, impartindo cursos oficiais orientados á obtención de certificacións como **Azure Administrator, AWS Solutions Architect Associate e Google Cloud Professional Architect**.

PROGRAMA	Programación 2025/26
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRIPCIÓN	03/11/2025 - 18/11/2025
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	19/11/2025

DATA FIN	19/11/2025
HORARIO	O 19/11/2025 de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	19/11/2025 - 19/11/2025

Temario

- Principios fundamentais de computación na nube
- Modelos de servizos: IaaS, PaaS e SaaS
- Componentes principais de Microsoft Azure
- Introducción a Azure Portal, CLI e recursos
- Seguridade, cumprimento e identidade en Azure
- Prezos, soporte e acordos de nivel de servizo